

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 23 DE MARZO DE 2010.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
D. Iván Puentes Rivera.

**Asistentes:**

D. José Antonio López Rodríguez (auséntase da sesión no momento que se expresa na presente acta)  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa.  
D. Juan Manuel Lourido González.  
D<sup>a</sup> Amalia García Balado.  
D. Manuel Ángel Rodríguez Carballeira.  
D<sup>a</sup> Rocío Rey Sampayo  
D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido  
D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo.  
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín  
D. Manuel Polo Gundín.  
D. Edgar Antonio Vigo López.  
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.  
D<sup>a</sup> Rocio Aurora Bértoa Puente.  
D. Juan José Franco Casal.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Fornos Corral.  
D. Manuel Sánchez Martínez.

**Interventora:**

D<sup>a</sup> Marta Roca Naveira.

**Secretaria:**

D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as trece horas e dez minutos do día vinte e tres de marzo de dous mil dez, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente Don Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don José Antonio López Rodríguez (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta), Dona M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa, , Dona Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Dona Rocío Rey Sampayo, Dona Rita María Couto Seijido, Dona Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M<sup>a</sup> del Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal D<sup>a</sup> Marta Roca Naveira, e actúa como Secretaria D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

**PUNTO ÚNICO.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DE APOIO Á MOBILIZACIÓN COMARCAL DO DÍA 27 DE MARZO DE 2010.**

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que, ao tratarse dun asunto non dictaminado, procede someter a votación a ratificación da inclusión na orde do día do mesmo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que pensa que en relación aos plenos como o presente deberíase tomar unha decisión en canto ao cobro de indemnizacións por asistencias aos mesmos, de xeito que non se cobrase ou destinar os cartos a outras cousas como axuda a Haití, Chile ou Turquía.

O Sr. Alcalde intervén e di que se fan eco da proposta e que poden debatilo na comisión informativa correspondente.

De seguido dáse conta da proposta relativa ao asunto epigrafiado que transcrita di:

#### “PROPOSTA DE APOIO Á MOBILIZACIÓN COMARCAL DO DÍA 27 DE MARZO

A Iniciativa Lexislativa Popular de fomento do sector naval galego, que promoveu na nosa comarca Rumbo 21 e que foi tomada en consideración por unanimidade no Parlamento galego a fins de decembro de 2009, tiña o obxectivo de mover a preocupación da nosa cidadanía a respecto da agonía do que noutros tempos foi un dos estaleiros máis importantes de Europa e tiña tamén a finalidade de impulsar desde a Cámara galega unha iniciativa que favorecera unha acción de goberno da Xunta de Galicia e do Goberno do Estado a prol da reactivación do estaleiro de Fene como industria naval civil.

Coincidindo coa recollida de sinaturas e coa tramitación da ILP, en resposta a varias iniciativas parlamentarias, o presidente do Goberno español, adquiriu en tres ocasións o compromiso político perante o Pleno da Cámara de que desde a Presidencia da Unión Europea faría o traballo necesario para levantarlle o veto á antiga Astano.

Por outra parte, en maio do 2009, o Congreso dos Deputados aprobou a seguinte resolución: “Apertura dun proceso negociador para revisar os acordos do ano 2004, que limitan até o ano 2015 a actividade productiva do estaleiro de Fene e tarefas auxiliares do estaleiro Navantia-Ferrol, coa finalidade de que o estaleiro de Fene poida desenvolver plenamente as súas actividades productivas en todos os ámbitos da construción naval civil”.

Transcurrido case medio mandato da Presidencia da Unión Europea, Rodríguez Zapatero non realizou aínda ningunha xestión para suprimir as limitacións que pesan sobre o estaleiro de Fene. E non só iso, senón que o ministro de Industria declarou en dúas ocasións no Senado que o Goberno non decidiu aínda se pedirá á UE o fin do veto ao estaleiro de Fene e deixou ver, ademais, que o executivo español non tiña vontade de realizar ese traballo.

Esa é a razón pola que Rumbo 21 tomou a iniciativa de impulsar unha gran mobilización comarcal o próximo sábado 27 de marzo, buscando a implicación do conxunto da sociedade e das diversas institucións, organizacións e asociacións que a representan.

Por todo o anterior, recollendo a preocupación das máis de 18.000 persoas que asinaron a ILP, Rumbo 21 solicita que a Corporación Municipal de Fene adopte os seguintes acordos:

1.- Demandar do Presidente do Goberno do Estado que, aproveitando a Presidencia de turno da Unión Europea, e tal e como se tiña comprometido diante da Cámara, inicie xa as xestións políticas para o levantamento do veto á construción naval civil no estaleiro de Fene.

2.- Expresar o apoio da Corporación á mobilización comarcal que convoca Rumbo 21 para o sábado 27 de marzo baixo o lema Pola creación de Emprego/Por un sector naval con futuro/Levantamento do veto XA!

3.- Facer un chamamento institucional á cidadanía para que participe na manifestación do día 27 de marzo, publicando un anuncio nos xornais de maior tirada, na web e na radio municipais dos puntos 1 e 2 incluíndo o sentido de voto de cada grupo político,

4.- Realizar unha pancarta có texto: O concello de Fene con Rumbo 21- Fene contra o veto! có logotipo institucional, para ser levada polos representantes municipais no acto da mobilización e manter colgada da pasarela do concello por espazo da presidencia europea de Zapatero, unha vez finalizada a mobilización.

5.-Facilitar a participación na manifestación dos veciños de Fene, poñendo os medios de transporte necesarios a disposición da Comisión Promotora Rumbo 21.”.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que a proposta non é unha proposta do BNG, senón da plataforma Rumbo 21.

( Auséntase da sesión o Sr. Concelleiro Don José Antonio López Rodríguez).

Continúa a súa intervención o Sr. Polo Gundín dicindo que en todo caso, o sentido da proposta é intentar achegar esta idea, porque están a cinco anos do remate do veto e hai que atallar isto e que para o BNG é o momento para que todos xuntos poidan actuar.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, di que desde o PP subscriben o dito polo voceiro do BNG e apoian a proposta; que é o momento oportuno, ao obstar España a Presidencia da Unión Europea; que se está pactado que o levantamento do veto é para o 2015, polo que hai que poñerse a traballar.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, di que lle gustaría votar a favor, e que se dentro dos puntos do acordo se recolle que poidera permanecer dentro do sector público estará de acordo.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que desde o PSOE xa se lle entregou a todos os grupos unha proposta de enmenda co ánimo de chegar a un acordo; di que a postura do partido socialista neste asunto foi clara e constante; que teñen claro que o que se debe facer en Fene é un estaleiro público e que hai que potenciarlo como gran centro de reparacións da fachada atlántica europea; que outra cousa que defenden é o diálogo cos traballadores do estaleiro; que con esas dúas premisas, o grupo socialista realizou unha enmenda que supón engadir na parte dispositiva un punto, o punto 6, ao que procede a dar lectura e que di: "6.- Unha vez finalizado o veto para a actividade civil, o Concello de Fene esixe que calquera cambio que se puidera producir na titularidade actual do estaleiro pase necesariamente polo diálogo, en primeiro lugar, cos/as representantes dos traballadores e traballadoras de Navantia Fene e tamén polo diálogo entre as distintas formacións políticas."

Continúa o Sr. Alcalde a súa intervención dicindo que é unha enmenda que cre que permite aglutinar as posturas que teñen os diferentes grupos políticos e que con esa enmenda apoiarían a moción.

O Sr. Polo Gundín pide o uso da palabra e, unha vez concedido, manifesta que non ven problema en aceptar a enmenda e engadir ese apartado 6 e que, é mais, lles parece positivo que se abra ese diálogo; di que tamén hai que lembrar que todas as decisións da SEPI foron adoptadas unilateralmente sen un proceso de negociación; que tamén queren lembrar que o estaleiro público é do Estado; que o que saben é que a curto prazo a SEPI só o ve como un lugar de reparación; que é un estaleiro que ten uns niveis de emprego moi baixos para o potencial que ten esa instalación; que en canto a se é público ou privado, ese é un debate no que Rumbo 21 non entra porque hoxe é público.

Pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal e, unha vez concedido, di que aquí non se está a falar de se é público ou privado porque o estaleiro é público e ese non é debate, senón que é que se levante o veto que é inxusto, que están pagando o pato de algo que non fixeron; di que creen que quen o fixo o debe solucionar, porque goberna o mesmo partido que gobernaba cando se fixo a reconversión; que co punto sexto que presenta o PSOE están dacordo e que lle houbera gustado que no seu día o señor Solchaga houbera dialogado como se pide en dito punto.

O Sr. Sánchez Martínez pide o uso da palabra e, unha vez concedido, di que esquerda unida sempre fai referencia a que se manteña o estaleiro no sector público, á vista do que se fixo nos

estaleiros de todo o norte de España; que a enmenda que se presenta recolle en parte o que él dicía polo que, aínda que lle gustaría que quedase máis reflexado, estaría de acordo coa proposta.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que desde o PSOE agradece a aceptación da enmenda por todos os grupos e que en todo caso, e sen ánimo de polemizar, quere contestar ao voceiro do PP, que pode derivar a situación actual do estaleiro ao Partido Socialista, pero que o Partido popular gobernou oito anos no país que deron como resultado unha sanción , sancións que tiveron que ser xestionadas polo PSOE ; que sabe que coa sensibilidade co que o PSOE trata o tema do estaleiro se poderá poñer fin ao veto que creen que é inxusto.

Pide o uso da palabra o Sr. Vigo López quen, unha vez concedido, manifesta que mostra a súa satisfacción porque despois de conquistar dúas centas mil sinaturas, Rumbo 21 teña o apoio do Pleno do Concello de Fene; que lle parece mal que se identifique a Rumbo 21 cunha serie de siglas, porque se trata dunha serie de persoas que se unen a título individual para o ben de Astano; que Rumbo 21 en ningún momento se plantexou que o fin de Astano sexa público ou privado, porque nela hai persoas de diferentes ideoloxías e plantexamentos sobre o futuro do estaleiro; que o primeiro paso para o levantamento do veto é que o Presidente do Goberno negocie o fin do veto, e que levan tres meses de Presidencia da Unión Europea ; que se fala do fin do veto porque hai unha crise mundial e ese levantamento se pode negociar, como tamén a incorporación de traballadores para a industria naval, dado que hoxe o comisario da competencia é o Sr. Almunia e se da unha situación moi favorable.

O Sr. Galego Feal pide o uso da palabra e, unha vez concedido, di que se alegra de ver que teñen un Alcalde valiente ao defender o que fixo o PSOE.

O Sr. Rodríguez Carballeira intervén e pregunta ao Sr. Galego Feal ónde estaba él neses anos.

O Sr. Galego Feal di que estaba estudando , grazas ao seu pai que traballaba en Astano.

O Sr. Rodríguez Carballeira intervén novamente e pregúntalle ao Sr. Galego Feal qué facía o seu pai.

O Sr. Galego Feal continúa a súa intervención e di que non permite que ninguén se dirixa a él da maneira na que se dirixiu o Sr. Rodríguez Carballeira.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e pregúntalle ao Sr. Rodríguez Carballeira se quere retirar o que acaba de dicir verbo da referencia familiar.

O Sr. Rodríguez Carballeira contesta dicindo que fixo unha referencia xenérica.

Pide o uso da palabra a Sra. Bértoa Puente quen, unha vez concedido, di que é increíble e dille ao Sr. Rodríguez Carballeira que están no ano 2010 e que a dictadura xa pasou, que teña respecto e deixe de facer alusións familiares; di que pide respecto e que é moi triste que teñan que chegar a esta situación.

O Sr. Rodríguez Garballeira pide o uso da palabra e di que o respecto debe ser mutuo.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e dille ao Sr. Galego Feal que lle da as grazas polo piropo de valente e que nunca antepuxo nin anteporá as súas ideoloxías ante os intereses de Fene.

O Sr. Polo Gundín pide o uso da palabra e, unha vez concedido, di que por unha cuestión de orde, desde o BNG solicitan ao Sr. Alcalde que manteña os debates ordenados; que os turnos hai que respetalos e que ao Alcalde lle corresponde dirixir o Pleno.

Intervén o Sr. Alcalde e di que toma nota, aínda que non cre que este pleno sexa desordeado.

Non producíndose máis intervencións, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a proposta coa enmenda presentada , sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta anteriormente transcrita co engadido que resulta da enmenda , quedando, polo tanto, a parte dispostiva do acordo do seguinte xeito:

“1.- Demandar do Presidente do Goberno do Estado que, aproveitando a Presidencia de turno da Unión Europea, e tal e como se tiña comprometido diante da Cámara, inicie xa as xestións políticas para o levantamento do veto á construción naval civil no estaleiro de Fene.

2.- Expresar o apoio da Corporación á mobilización comarcal que convoca Rumbo 21 para o sábado 27 de marzo baixo o lema Pola creación de Emprego/Por un sector naval con futuro/Levantamento do veto XA!

3.- Facer un chamamento institucional á cidadanía para que participe na manifestación do día 27 de marzo, publicando un anuncio nos xornais de maior tirada, na web e na radio municipais dos puntos 1 e 2 incluíndo o sentido de voto de cada grupo político,

4.- Realizar unha pancarta có texto: O concello de Fene con Rumbo 21- Fene contra o veto! có logotipo institucional, para ser levada polos representantes municipais no acto da mobilización e manter colgada da pasarela do concello por espazo da presidencia europea de Zapatero, unha vez finalizada a mobilización.

5.-Facilitar a participación na manifestación dos veciños de Fene, poñendo os medios de transporte necesarios a disposición da Comisión Promotora Rumbo 21.

6.- Unha vez finalizado o veto para a actividade civil, o Concello de Fene esixe que calquera cambio que se puidera producir na titularidade actual do estaleiro pase necesariamente polo diálogo, en primeiro lugar, cos/as representantes dos traballadores e traballadoras de Navantia Fene e tamén polo diálogo entre as distintas formacións políticas.”

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás trece horas e corenta e oito minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,  
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.